



## RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE ACORDA A TRAMITACIÓN URGENTE DO PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE BAREMACIÓN DO MES DE DECEMBRO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DESTA ENTIDADE PARA O CURSO 2022/23

De conformidade co previsto no artigo 20 do Regulamento de réxime interno das Escolas Infantís dependentes do Consorcio "As solicitudes presentadas nos prazos extraordinarios dos meses de setembro e decembro serán tramitadas e baremadas polo Consello Escolar para a súa inclusión na listaxe de agarda na próxima baremación que realice ou para a súa incorporación á escola de non existir lista de agarda".

O artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que: "Cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal reduciranse á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos".

Consonte o anterior e coa fin de que a incorporación á escola das nenas e nenos non se alongue no tempo con respecto ás persoas usuarias que xa iniciaron o curso e se garanta o correcto período de familiarización, as solicitudes presentadas neste proceso extraordinario serán baremadas polo procedemento de tramitación de urxencia.

Con data de 30 de novembro rematou o prazo de presentación de solicitudes, agás para os supostos contemplados no artigo 3.2b), de conformidade co artigo 15.4, da Resolución do 8 de marzo de 2022 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o curso 2022/23.

Por todo o exposto, RESOLVO:

1. A tramitación urxente do procedemento de baremación extraordinario do mes de decembro de 2022 para a adxudicación de prazas nas Escolas Infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Establecer os seguintes prazos para a tramitación do devandito procedemento:
  - a) Emenda de solicitudes: do 1 ao 9 de decembro de 2022 ambos os dous incluídos.
  - b) Publicación das listas provisionais de persoas admitidas e de agarda: 27 de





decembro de 2022.

c) Prazo de reclamacións: do 28 de decembro de 2022 ao 10 de xaneiro de 2023 ambos os dous incluídos.

d) Publicación das listas definitivas de persoas admitidas, de agarda e excluídas: 20 de xaneiro de 2023.

e) Prazo de matrícula: do 23 ao 31 de xaneiro de 2023 ambos os dous incluídos. O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación así como a formalización da matrícula no prazo sinalado son imprescindibles para confirmar a praza, en caso contrario, a persoa interesada decaerá da súa solicitude.

f) Incorporación á escola das crianzas matriculadas: 1 de febreiro de 2023.

3. Publicar a presente resolución na web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nos taboleiros de anuncios das escolas infantís.

Santiago de Compostela

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

